

## **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23 DE SETEMBRO DE 2016.**

- 1.- Actas da sesión ordinaria do 9 de setembro e extraordinaria e urgente do 12 de setembro de 2016.

### BENESTAR SOCIAL

- 2.- Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais 2016: Reformulación da solicitude de financiamento de gastos de persoal. Expte. 119997/301.
- 3.- Prórroga do contrato do Servizo de Intervención familiar. Expte. 129930/301.

### CONTRATACIÓN

- 4.- Clasificación de ofertas para a contratación da subministración de bancos. Expte. 8857/446.
- 5.- Proposta de adxudicación da subministración de árbores, arbustos e plantas de tempada. Expte. 8566/446.
- 6.- Proposta de adxudicación da contratación do Servizo de atención e control do público en Vigozoo. Expte. 7144/612.
- 7.- Proposta de adxudicación da prestación dos servizos de educación permanente de adultos. Expte. 17747/332.

### DEPORTES

- 8.- Proposta de autorización para a organización do evento "IV Triatlón Desafío Islas Cies" o vindeiro día 24 de setembro de 2016. Expte. 15015/333.

### DIRECCIÓN DE INGRESOS

- 9.- Rectificación de erro no expediente 2315/500.- Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral. Expte. 2327/500.

### EDUCACIÓN

- 10.- Prórroga do contrato de servizos para a xestión e transporte dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal "Vigo por dentro, coñece a túa cidade". Expte. 16213/332.

### EMPREGO

- 11.- Proxecto de convenio de colaboración entre o Centro de Formación Divino Maestro e o Concello de Vigo para prácticas dos alumnos de curso “Dinamización comunitaria – AFD 2016”. Expte. 13311/77.

### LIMPEZA

- 12.- Revisión ordinaria do prezo do contrato da recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de praias do Concello de Vigo. Expte. 6104/252.
- 13.- Revisión ordinaria do prezo do contrato do servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables, do Concello de Vigo. Expte. 6103/252.

### PARQUE MOBIL

- 14.- Expediente de contratación do subministro para a adquisición dun vehículo tipo dumper para carga de materiais de obra (chasis e carrozado) para o Parque Móbil municipal. Expte. 11789/445.

### PARQUES E XARDÍNS

- 15.- Plan de seguridade e saúde no Traballo para a execución das obras de “Reparación do palco do Parque da Guía”. Expte. 9062/446.

### PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- 16.- Proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños Novo Vigo para o fomento das actividades da entidade para o 2016, mediante financiamento do alugueiro do seu local social- xaneiro e outubro 2016. Expte. 7406/320.

### RECURSOS HUMANOS

- 17.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha enxeñeiro/a técnico/a en topografía, baixo a modalidade prevista no art. 10.1.d) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP, por un prazo máximo de seis meses para o servizo de Vías e Obras. Expte.28597/220.
- 18.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas axudantes de oficios baixo a modalidade prevista no art. 10.1.d) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP, por un prazo

máximo de seis meses para o servizo de Desinfección. Expte. 28479/220.

#### SERVIZOS XERAIS

19.- Proxecto de obras "Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez. Fase II". Expte. 3199/440.

#### VIAS E OBRAS

20.- Proxecto para a execución das obras de "Acondicionamento da Praza de titularidade municipal sobre o Mercado do Progreso". Expte. 78039/250.

21.- Rogos e preguntas.

#### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **23 de setembro de 2016**, ás **9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois (10,00 h.) en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 23 de setembro de 2016.

MXLP/me.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA  
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

Olga Alonso Suárez.